



Feijóo aposta pola aplicación efectiva da Lei de Dependencia a través do cofinanciamento e corresponsabilidade financeira de Estado e Xunta



- ▶ A Xunta está a facer todo o esforzo posible por acelerar as valoracións e pagar aos dependentes e lembra que, desde que o novo Executivo autonómico chegou ao poder, o número de dependentes atendidos incrementouse nun 64%.

13

Mato afirmou que a proposta do Estado para axilizar a Lei de dependencia está recollida en Galicia nun decreto que se aprobará nas vindeiras semanas



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar participou no Consello Territorial de Dependencia, en Madrid, onde apuntou que Galicia xa apostou hai meses por reducir de 12 a 6 meses o procedemento de valoración de dependencia e da elaboración do Programa individual de atención (PIA).

12

Traballo pon en marcha unha iniciativa pioneira para que as persoas sen titulación poidan optar aos certificados de profesionalidade

- ▶ Galicia será unha das primeiras comunidades do Estado en desenvolver probas de avaliación co obxectivo de que todos os cidadáns teñan a oportunidade de acceder aos cursos de formación
- ▶ O Diario Oficial de Galicia publicou onte a primeira convocatoria para realizar os exames .



16

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia pechou o mes de xaneiro con 231.268 persoas desempregadas, 8.789 máis que no mes anterior

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou que "non se trata de datos positivos", pero explicou que o principal aumento se debe á notable temporalidade do sector servizos no mes de xaneiro
- ▶ Galicia é a terceira comunidade onde menos aumentou o desemprego en termos interanuais, só por detrás de Estremadura
- ▶ Destacou que este incremento mensual de ao redor de 8.789 persoas é inferior en 2.600 parados ao rexistrado no mesmo período (decembro-xaneiro) de 2008, xa que no exercicio anterior o aumento foi de 11.413
- ▶ A representante autonómica sinalou que o paro diminuíu entre os homes e mulleres menores de 25 anos.

18

Dependencia	2-3	Relacións laborais	10
Benestar	4-5	Bit's	11
Formación-Emprego	6-9	Normativa	11-18
Xuventude	9	Publicacións	18

DEPENDENCIA

A proposta do Estado para axilizar a Lei de dependencia está recollida en Galicia nun decreto que se aprobará nas vindeiras semanas



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar participou no Consello Territorial de Dependencia, en Madrid, onde apuntou que Galicia xa apostou hai meses por reducir de 12 a 6 meses o procedemento de valoración de dependencia e da elaboración do Programa individual de atención (PIA)
- ▶ Tras asistir ao consello, Mato reuniuse despois co secretario de Estado de Política Social, Francisco Moza, con quen abordou, ademais do financiamento da Lei de dependencia, o Plan concertado e o apoio ás persoas con discapacidade
- ▶ Propuxo tamén a creación, en Galicia, dun centro de referencia para persoas con discapacidade intelectual e graves trastornos de conduta
- ▶ Demandou ao representante do ministerio a posta en marcha dun plan de cooperación bilateral entre ambas administracións no ámbito da prevención e promoción da protección á infancia.

Santiago, 25 de xaneiro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, afirmou en Madrid, onde participou no Consello Territorial de Dependencia, que a Xunta xa tomou hai meses medidas para axilizar a Lei de Dependencia. Neste sentido, lembrou que o decreto de dependencia que se aprobará nas vindeiras semanas xa recolle a proposta que fixo hoxe o Estado para reducir de 12 a 6 meses o procedemento de valoración de dependencia e da elaboración do Programa individual de atención (PIA). "Nós imos aprobar nestas semanas o que o Estado propón agora", apuntou a titular do departamento autonómico.

Así mesmo, Mato reiterou a súa petición de que o Estado incremente os niveis mínimos de financiamento e que se teña en conta o custo do servizo, de forma que se faga realidade a corresponsabilidade de sufragar ao 50% os custos da aplicación da lei, algo que nestes momentos non está a suceder, xa que apuntou que "a proporción é bastante descompensada, non é a metade".

A conselleira rexeitou a proposta do Estado de destinar ás comuni-



dades autónomas unha contía fixa polo nivel do dependente e, por iso, deixou claro que a súa petición é que se teña en conta o custo do servizo. Explicou, neste sentido, que "se o servizo que se lle dá ao dependente é unha praza nunha residencia, e a praza da residencia vale 2.300 euros ao mes, que o Estado financie a metade desa cifra. Se é un centro de día, que o estado financie a metade da cifra, que son arredor de mil euros e non só a metade da atención a domicilio, de atención a libranza ao coidador".

Ademais, Mato referiuse ao "sobrecusto" que terán que facer as comunidades autónomas para supervisar a atención que as familias prestan aos dependentes nas súas casas e, por iso, tamén solicitou ao Goberno central que comparta estes gastos.

Reunión co secretario de Estado de Política Social

Tras o Consello territorial da Dependencia, a conselleira reuniuse co secretario de Estado de Política Social, Francisco Moza.

Mato abordou tamén con Moza, a súa petición de que o Estado asuma o 50% do custo da Lei de dependencia.

Por outra banda, Beatriz Mato solicitou máis apoio para mellorar os programas de inserción de persoas con discapacidade. Neste eido, a conselleira propuxo ao Ministerio de Sanidade a posibilidade de que Galicia acolla un centro de referencia para persoas con discapacidade intelectual e graves trastornos de conduta.

Para a Xunta de Galicia, a posta un

marcha dun centro con prazas residenciais e de día para persoas con trastornos duais é un obxectivo prioritario en materia social, dado que nestes momentos non existe ningún centro público destas características.

A titular de Traballo e Benestar tamén propuxo ao secretario de Estado de Política Social pór en marcha un plan de cooperación bilateral entre ambas as administracións para a prevención e promoción da protección á infancia. Neste sentido, Mato destacou a importancia e necesidade dunha maior regulación no acollemento de menores estranxeiros non acompañados (Menas), xa que explicou que Galicia atendeu a máis de 100 menores nesta situación, pese a que o acordo co Estado establecía un total de nove nenos e nenas.

Ademais, e tamén incluído na orde do día desta reunión, expúxose o financiamento dos servizos sociais aos concellos – a través do Plan concertado-, eido no que o Estado vén rebaixando nos últimos anos o seu investimento, ao igual que no plan de desenvolvemento xitano. Por esta razón, o Executivo autonómico demandará que se recupere a achega do 50% para estes programas, de forma que sexan cofinanciados entre o Goberno central e o autonómico.

O encontro con Moza tivo lugar tras a reunión mantida o pasado día 11 de xaneiro entre o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a ministra de Sanidade, Trinidad Jiménez, no que o xefe do Executivo autonómico demandou ao Goberno central máis financiamento para aplicación da Lei de Dependencia.

Feijóo aposta pola aplicación efectiva da Lei de Dependencia a través do cofinanciamento e corresponsabilidade financeira de Estado e Xunta



O presidente da Xunta, durante a súa entrevista coa ministra de Sanidade

Madrid, 11 de xaneiro de 2010.- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, apostou, durante unha reunión coa ministra de Sanidade e Política Social, Trinidad Jiménez, pola aplicación efectiva da Lei de Dependencia a través do cofinanciamento e corresponsabilidade financeira de Estado e Xunta. "É necesario -dixo- elevar os niveis mínimos de financiamento do Estado para cada nivel de dependencia, de xeito que se faga realidade a corresponsabilidade de sufragar ao 50% os custos".

Aínda que recoñeceu a dificultade, o mandatario galego subliñou que o reto é cumprir a lei e asegurou que "a Xunta está a facer todo o esforzo posible por acelerar as valoracións e pagar aos dependentes". Neste senso, lembrou que, desde que o novo Executivo autonómico chegou ao poder, o número de dependentes atendidos incrementouse nun 64% respecto ao período previo.

Benestar porá en marcha un programa pioneiro en Galicia para previr a dependencia

Santiago, 3 de xaneiro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha o programa 'Saber envellecer. Previr a dependencia' co obxectivo principal de capacitar, ensinar e facilitar ás persoas maiores recursos para conseguir un envellecemento activo con éxito. Para iso, o departamento autonómico ten previsto asinar un convenio de colaboración coa Obra Social Caja Madrid, a entidade que implantou esta iniciativa en colaboración coa Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía.

A medida, que será pioneira en Galicia, implantarase en 24 centros de titularidade da Xunta: en 17 centros sociocomunitarios (cinco da Coruña- Santa Comba, Muros, Fene, Corcubión e A Coruña-; 6 de Ourense- O Carballiño, Celanova, O Barco de Valdeorras, Petín, Ribadavia e Viana do Bolo-; e 6 de Pontevedra- Vigo, A Estrada, Baiona, Lalín, Tui e Vilagarcía) e en 7 residencias (unha na Coruña, na Pobra do Caramiñal; tres de Lugo- Burela, A Milagrosa de Lugo e As Gándaras-; dous de Ourense- Castro Caldelas e Barbadás-; e na de Campolongo en Pontevedra).

O programa, que só se leva a cabo en Asturias e Madrid, está previsto que se desenvolva ao longo de seis meses en 20 sesións, unha por semana, dunha hora e media cada unha. Cada grupo estará formado por 20 persoas.

Para acadar o obxectivo de contribuír á prevención da dependencia, a Administración autonómica pretende coa iniciativa concienciar os maiores para que poñan en práctica estilos de vida que favorezan a súa saúde e se sintan plenamente partícipes na sociedade. Ademais, o curso centrarase en transmitir aos alumnos a importancia de aprender a vivir cos cambios que vaian sufrindo, tanto físicos como mentais, coa finalidade de que poidan levar a cabo un modo de vida activo e sen complexos.

Os destinatarios do programa serán as persoas maiores cunhas circunstancias vitais que lles fagan estar interesadas en aprender a afrontar dun xeito saudable e satisfactorio o seu propio envellecemento, os interesados en adquirir coñecementos que melloren a súa calidade de vida durante o proceso de envellecemento a aquelas dispostas a compartir experiencias vitais con outras persoas.

Para impartir o curso, a Obra Social Caja Madrid conta con profesionais formados que xa ten elaborado un material didáctico específico para este programa. Consta de 21 cadernos para os maiores sobre os aspectos que constitúen as bases do envellecemento satisfactorio, unha guía pedagóxica para profesionais e formadores e material audiovisual para apoiar a formación.

Un programa pioneiro

A iniciativa xurdiu dunha investigación cualitativa que levou a cabo a Obra Social Caja Madrid en colaboración coa Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía co obxectivo de coñecer a percepción dos maiores sobre o que supón envellecer satisfactoriamente e as súas carencias nos seus hábitos ou coñecementos para lograr unha vellez activa.

A Xunta colabora nun proxecto tecnolóxico para facilitar a implicación das persoas con diversidade funcional no Camiño de Santiago



Santiago, 27 de xaneiro de 2010.- A Xunta de Galicia, a través das secretarías xerais de Modernización e Innovación Tecnolóxica, de Familia e Benestar, e da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, colaborará no proxecto O Camiño dos Satélites que, promovido pola Fundación Tecnología Social, busca facer accesible a ruta xacobeá a persoas con diversidade funcional.

Neste sentido, O Camiño dos Satélites, que nace con vontade de permanencia no tempo, promoverá durante este Ano Santo diversas iniciativas, entre as que destaca unha peregrinación a través do camiño francés. Esta, encabezada polo músico Serafín Zubiri, sairá de Roncesvalles o próximo 2 de outubro, chegando a Santiago de Compostela o 3 ou o 4 de novembro.

Ademais, a iniciativa incorporará, entre outras cousas, a tecnoloxía GPS e GPRS aos peregrinos participantes na devandita ruta, permitindo saber a súa precisa ubicación en cada instante. Os informes de accesibilidade ou as audio-guías para persoas con diversidade funcional, así como a emisión do documental El Camino con Serafín Zubiri, son algunhas das actividades que se desenvolverán grazas a este proxecto.

- ▶ Vinte persoas con diversidade funcional, co músico Serafín Zubiri á fronte, percorreren o Camiño francés durante o próximo mes de outubro
- ▶ O seguimento dos peregrinos mediante GPS e GPRS, a elaboración de informes de accesibilidade ou as audio-guías para persoas con diversidade funcional, entre as actividades programadas
- ▶ “Este camiño supón un exemplo claro das enormes posibilidades de integración da tecnoloxía e as persoas”, apunta Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Todo para configurar un plan que, como apunta a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, configúrase como unha iniciativa con “especial relevancia”, supoñendo un “exemplo claro das enormes posibilidades de integración da tecnoloxía e as persoas”.

“As novas tecnoloxías –engadiu– constitúen un motor de innovación con capacidade potencial de transformar os nosos modos de vida. A inclusión dixital de todas as persoas e a aplicabilidade destas tecnoloxías para abrir máis oportunidades e romper muros que ata o de agora parecían infranqueables debe ser, sen dúbida, unha máxima no desenvolvemento tecnolóxico”.

Idea compartida, tamén, polo director xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Santos, quen sinalou a importancia dun proxecto que “vai contribuír a converter o Camiño de Santiago nun lugar accesible para todos, e moi especialmente para as persoas con diversidade funcional, que tamén teñen todo o dereito a desfrutar da experiencia única da peregrinación polo Camiño de Santiago.

Así mesmo, explicou Santos, a iniciativa súmase “a outro traballo” que se vén facendo “dende hai anos”, como é a adecuación “do Camiño francés” a todo tipo de peregrinos, contando xa con “doce albergues accesibles, namentres que se está a traballar para incrementar día a día o seu número”.

Unha colaboración decidida

Pola súa banda, a secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella, fixo fincapé en que as novas tecnoloxías, especialmente as relacionadas coa informática e as comunicacións, “deben contribuír a dotar dunha maior autonomía as persoas con discapacidade”. Por iso, sinalou que o Goberno galego apoia cunha “colaboración decidida” este programa.

“Desde a Consellería de Traballo e Benestar cremos firmemente na integración social das persoas”, continuou López Abella. Para acadar este obxectivo, “faise necesario” dar pulo ás novas tecnoloxías, en tanto que constitúen unha “importante achega” á autonomía das persoas con discapacidade.

De feito, esta aposta polas novas tecnoloxías “ao servizo das persoas” verase recollida no I Plan Integral para as Persoas con Discapacidade, que se desenvolverá nos próximos anos, e no que se incardinan todas as políticas dirixidas a este colectivo.

Ademais, nesta senda da integración, “no que aínda queda camiño por percorrer”, a secretaria xeral de Familia e Benestar ofreceu a colaboración da Xunta de Galicia para traballar cos colectivos e cos movementos representativos das persoas con discapacidade.

Por último, López Abella felicitou os investigadores, empresas e institucións que traballaron conxuntamente para levar adiante este proxecto.

Preto de 3.300 persoas entraron no mercado laboral grazas aos programas de inserción do II Plan Galego de Inclusión Social

- ▶ Este plan ten como principal obxectivo favorecer a integración das persoas que están ou corren risco de atoparse en situación de pobreza ou exclusión
- ▶ Abrangue distintas actuacións como a creación e mantemento da Rede de equipos de inclusión social, o Plan de desenvolvemento xitano e o Programa sen teito con Cruz Vermella
- ▶ En concreto, case 1.500 usuarios acadaron a inserción laboral grazas aos equipos de inclusión, e uns 1.800 o fixeron a través do convenio coa Fundación Secretariado General Gitano
- ▶ Máis de 9.000 persoas están dadas de alta actualmente neste programa e ao redor de 80 profesionais traballan nos equipos de inclusión social urbanos e comarcais.

Santiago, 1 de xaneiro de 2010.- Preto de 3.300 persoas que tomaron parte nos programas de inserción laboral incluídos no II Plan Galego de Inclusión Social (PGIS) 2007-2013 conseguiron o seu obxectivo. En concreto, foron uns 1.500 usuarios os que accederon ao mercado laboral a través dos equipos de inclusión social urbanos, comarcais e de ONGs, aos que se suman os máis de 1.800 que o fixeron a través do convenio coa Fundación Secretariado General Gitano.

O II PGIS da Consellería de Traballo e Benestar ten como obxectivo principal favorecer a integración das persoas que están ou corren o risco de atoparse en situación de pobreza ou exclusión, especialmente en razón da súa discapacidade ou pertenza a un grupo social con particulares dificultades de inserción.

Máis polo miúdo, as liñas de actuación deste plan en 2009 pasaron por crear e manter a rede de equipos de inclusión social, potenciar o apoio ás entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais, levar a cabo o plan de desenvolvemento xitano e o convenio coa Fundación Secretariado General Gitano, ademais do programa "Sen Teito" en colaboración con Cruz Vermella

No que se refire aos equipos de inclusión, entre urbanos e comarcais, funcionan un total de 28 en Galicia: 8 urbanos (sete nas cidades e un no Consorcio das Mariñas), e 20 comarcais (18 comarcais, máis un no módulo xove de Teixeira e un equipo central coordinador, todos eles vinculados ao Consorcio Galego de

Servizos de Igualdade e Benestar). En total, son máis de 80 os profesionais que traballan neste eido. O financiamento en 2009 para estes equipos ascendeu a 3,8 millóns, a cantidade máis alta desde que comezou o plan.

Estes equipos, entre outras funcións, traballan no deseño de proxectos de inserción personalizados, en coordinar coa rede de servizos sociais comunitarios municipais e unidades tramitadoras da Risga, na articulación de programas específicos e coñecemento dos recursos da área, así como nas necesidades dos colectivos máis vulnerables.

De feito, grazas a este traballo, os equipos urbanos, comarcais e de ONG conseguiron a inserción laboral de preto de 1.500 persoas, a maioría homes e mulleres de entre 25 e 55 anos –tramo de idade tamén maioritario-, desde que se puxo en marcha este II plan.

Actualmente, hai máis de 9.000 persoas participando neste programa, a través dos equipos de inclusión. As principais problemáticas destas persoas, polas que acoden a este recursos, son –por esta orde- a escaseza de recursos (ao redor dun 30 por cento), ser inmigrante ou refuxiado (14,4%), ter unha discapacidade (11,8%) ou pertencer a unha minoría étnica (8,9%).

Máis da metade dos usuarios dos equipos (53,8%) non teñen ningún tipo de estudo (ou son persoas inmigrantes que non teñen homologados os seus títulos), mentres que o 27,7 por cento remataron os estudos secundarios obrigatorios, o 13,05% terminou a secundaria e o 5,26% ten algún título universitario.

Outras actuacións do Plan

No II Plan Galego de Inclusión Social, inclúese tamén un convenio coa Fundación Secretariado General Gitano, que ten como fin realizar accións dirixidas a promover a súa inclusión social e a súa integración socio-laboral, prioritariamente, por conta allea. Inclúe 12 actuacións formativas e catro dispositivos de intervención, para realizar accións de formación ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego, xunto a accións de sensibilización dirixidas a empresarios.

A través deste programa, conseguíronse un total acumulado de 1.801 de insercións laborais, desde o inicio deste programa. En concreto, no ano 2009, foron 160 as persoas que accederon ao mercado laboral.

Ademais no PGIS tamén se inclúe o Plan de Desenvolvemento Xitano, co que se beneficiaron un total de 4.836 persoas. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida do colectivo, favorecer a súa participación na vida pública e social, ademais de combater a discriminación a través de proxectos de atención, prevención e inserción.

Neste programa, inclúense actividades como programas de acompañamento e educación social vinculados á erradicación do chabolismo, apoio escolar, seguimento do absentismo escolar, accións de orientación (elaboración de currículos vitae, por exemplo) ou achegamento de servizos xerais de formación profesional.

Por outra banda, no programa Sen Teito, en colaboración con Cruz Vermella, atendéronse ata o 30 de xuño de 2009 un total de 838 persoas, co fin de mellorar a súa situación social e sanitaria.

Finalmente, o PGIS tamén inclúe o apoio ás entidades de iniciativa social que traballan pola inclusión. En 2009 subvencionáronse 63 entidades (66 proxectos). De entre eles, destacan os 23 dirixidos a traballar con persoas con discapacidade, así como outros enfocados ao colectivo de persoas sen teito, a formación e promoción de persoas de etnia xitana ou de busca de oportunidades de inclusión sociolaboral en áreas rurais de alta dispersión.

FORMACIÓN-EMPREGO

Traballo pon en marcha unha iniciativa pioneira para que as persoas sen titulación poidan optar aos certificados de profesionalidade



- ▶ Galicia será unha das primeiras comunidades do Estado en desenvolver probas de avaliación co obxectivo de que todos os cidadáns teñan a oportunidade de acceder aos cursos de formación
- ▶ O Diario Oficial de Galicia publicou onte a primeira convocatoria para realizar os exames
- ▶ A Dirección Xeral de Formación e Colocación estuda levar a cabo unha segunda convocatoria no verán
- ▶ Os interesados en facer os exames deberán presentar a súa solicitude antes do próximo 29 de xaneiro.

Santiago, 9 de xaneiro de 2010.- Galicia será unha das primeiras comunidades autónomas do Estado en levar a cabo probas de avaliación para que as persoas sen titulación poidan optar aos cursos de formación nos que se obteñen os certificados de profesionalidade. Se trata, pois, dunha iniciativa pioneira que desenvolverá o Goberno galego.

De feito, a Consellería de Traballo e Benestar publicou onte no Diario Oficial de Galicia (DOG) a convocatoria para desenvolver os exames, denominados 'probas de avaliación en competencias clave', que están dirixidas ás persoas que vaian cursar a formación correspondente aos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 e non cumpran os requisitos de acceso.

Chámanse competencias clave aos contidos de formación básica que aseguran os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento a formación correspondente aos novos certificados de profesionalidade. Existen ata oito áreas de coñecemento diferentes: lingua galega, lingua castelá, linguas estranxeiras, matemáticas, ciencia, tecnoloxía, dixital, xeografía e historia.

Desta maneira, en Galicia non só terán a posi-

bilidade de acceder a estes cursos os cidadáns que estean en posesión de determinadas titulacións ou acreditacións oficiais e as que estean a realizar a formación correspondente a cada competencia clave, senón tamén as que superen as probas chamadas de competencias clave.

As persoas interesadas en facer as probas deberán presentar a solicitude antes do próximo 29 de xaneiro no Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar. O impreso deberá estar acompañado por unha fotocopia de DNI e unha declaración xurada de non estar cursando unha acción formativa encamiñada á obtención da mesma competencia clave.

O candidato realizará unha proba por cada unha das competencias clave convocadas nas que se inscriba, aínda que cada aspirante presentará unha única solicitude de inscrición na que deberá indicar as competencias clave que queira desenvolver.

Os candidatos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e poderán demandar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización das probas.

Os exames para as competencias clave de nivel 2 realizaranse os días 26 e 27 de febreiro e para as de nivel 3 os días 5 e 6 de marzo. Todas as probas terán lugar nos centros propios da Consellería de Traballo e Benestar.

As persoas interesadas en recibir máis información poden consultar a web <http://traballoebenefar.xunta.es> o ben dirixirse ao Instituto Galego de Cualificacións, aos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, as oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ou aos centros propios do departamento autonómico.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación ten previsto desenvolver no verán unha segunda convocatoria, xa que prevé unha alta demanda nestes meses.

A relación provisional e definitiva das persoas inscritas nas probas que fosen admitidas e, se é o caso as excluídas con indicación das causas, será publicada polo Instituto Galego das Cualificacións no taboleiro de anuncios do centro onde se vaia desenvolver a proba e na páxina web <http://traballoebenefar.xunta.es/>.

A Xunta pide a revisión dos fondos asignados a Galicia en materia de emprego

Santiago, 12 de xaneiro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar solicitou a revisión da asignación de fondos que o Ministerio de Traballo concede cada ano ás comunidades autónomas en materia de emprego. Esta petición fíxoa a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, a través dun escrito dirixido ao Ministerio. Este documento foi enviado ante a imposibilidade da directora xeral de trasladarse á reunión previa da Conferencia Sectorial de Emprego, celebrada en Madrid, á que non puido acudir pola cancelación do seu voo.

Neste senso, a Xunta reiterou esta petición durante a Conferencia Sectorial de Emprego, que tivo lugar o día 19, marco no que desde o departamento autonómico expresou a súa disconformidade coa asignación dos fondos destinados a Galicia para o 2010 en materia de emprego, que ascenderon a 247,3 millóns de euros. Pese a que esta cifra supón un incremento de máis de oito millóns con respecto ao ano 2009, porcentualmente Galicia queda por debaixo da media, xa que mentres na comunidade galega a subida é dun 3,4% a media nacional sitúase nun 6,6%.

O principal desaxuste vén determinado pola asignación que o Goberno central fai en concepto de custo por parado. Neste punto, Galicia ten un custo por parado superior á media ao igual que outras comunidades autónomas como Asturias ou Cantabria. Por iso, desde a Consellería de Traballo considérase lóxico que por este concepto se reciba menor contía que outras comunidades autónomas, pero vese inxusta a exclusión total e que unha comunidade como a galega reciba 0 euros dos 10 millóns destinados a este apartado.

Galicia e o Banco Interamericano de Desenvolvemento iniciarán neste ano novas liñas de colaboración en materia empresarial

- Foi unha das principais conclusións dos encontros mantidos entre a delegación institucional e empresarial galega cos mandatarios do segundo banco de desenvolvemento a nivel mundial
- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou en Washington que vén de firmarse o primeiro convenio de colaboración do Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID) cunha entidade non estatal financiado polo departamento autonómico
- Trátase dun proxecto, xestionado pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) que conta con investimentos da Xunta, para a formación de seis mozos e mozas galegos especializados no eido das relacións e do comercio internacional



Beatriz Mato, co presidente da Confederación de Empresarios de Galicia e co presidente do Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID)

Santiago, 13 de xaneiro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, xunto coa delegación que a acompaña no seu desprazamento a Washington, conseguiron abrir as portas para novas colaboracións co mercado latinoamericano grazas ás xuntanzas mantidas cos máximos representantes do Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID) e cos do Fondo Multilateral de Inversións (FOMIN).

Estas novas posibilidades xurdiron nos encontros mantidos entre a misión institucional e empresarial galega –encabezada por Mato e polo presidente da CEG, Antonio Fontenla- e os responsables do BID e do FOMIN. Esta visita foi motivada polo inicio do programa de formación para seis mozos e mozas galegos especializados en relacións e comercio internacional, que desenvolverán o seu labor no BID.

Trátase do primeiro acordo deste tipo que o segundo banco de desenvolvemento a nivel mun-

dial asina cunha entidade non estatal e o primeiro tamén que conta cunha duración superior a 6 meses (será dun ano e prorrogable).

En concreto, o proxecto de formación está organizado pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, no marco do proxecto SALT (Servizo de Licitacións Internacionais), ao que o departamento autonómico achega arredor de 450.000 euros.

Mato detallou que estas futuras novas colaboracións artellaranse, especialmente, arredor do turismo e da transmisión das experiencias no diálogo social e na competitividade que se están a levar a cabo en Galicia. Ademais, tamén se abordará o desenvolvemento dos recursos humanos, os proxectos de responsabilidade social corporativa ou a articulación das organizacións empresariais latinoamericanas.

Ademais de valorar as “novas portas de cooperación”, a conselleira fixo especial fincapé no apoio do Goberno galego ás empresas que se queren internacionalizar en tempos de crise e aos mozos e mozas profesionais que buscan completar e mellorar a súa formación.

De feito, tanto os responsables do BID como os participantes da misión institucional e empresarial galega salientaron a gran formación que teñen estes 6 profesionais, que exercerán como traballadores oficiais do banco. Actualmente están a participar nunha semana de formación intensiva en Washington, e incorporaranse ás oficinas do BID dos seus destinos (Brasil, Chile, Colombia, México, Perú e Uruguai) a finais deste mes.

Segundo explicou a conselleira, o traballo deste técnicos permitirá obter a Galicia unha “situación de privilexio” entre as institucións colaboradoras do BID, ao tempo que mellorará a capacitación dos traballadores e das empresas galegas.

Así, o traballo destes seis mozos e mozas permitirá mellorar a internacionalización dos negocios galegos, así como o seu acceso ao mercado das licitacións públicas internacionais, xa que terán a un profesional galego que permitirá ao empresariado aproximarse á realidade dos países latinoamericanos.

Reunión coa embaixada

Todas estes avances veñen derivados da serie de xuntanzas que os representantes galegos mantiveron onte cos representantes do FOMIN e do BID. Destes encontros, destacan especialmente o mantido co presidente do BID, Luis Alberto Moreno, e coa xerente do FOMIN, Julie Katzman, o seu subxerente, Fernando Jiménez, e o responsable de operacións, Keinosuke Nakamura.

Ademais, tamén se reuniron co conselleiro na cadeira española do BID, Luis Martí, máximo responsable español no directorio executivo do Banco.

Ao remate da xornada, a delegación galega participou nunha recepción do Embaixador de España, Jorge Dénzcallar, que animou o empresariado galego a achegarse aos organismos internacionais e aos países latinoamericanos, pero tamén a investir nos Estados Unidos, que tras a crise económica, xa está a obter datos positivos. O embaixador tamén mostrou a súa disposición a organizar encontros bilaterais entre Galicia e empresarios cos gobernadores de calquera estado para abordar posibles investimentos.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 2 de febreiro de 2010.- Galicia rexistrou no pasado mes de xaneiro un total de 231.268 persoas en situacións de desemprego, o que supón un incremento do paro rexistrado de 8.789 persoas con respecto ao mes anterior. En termos relativos, este aumento supón un 3,94 por cento.

Así o explicou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, que detallou a evolución do paro rexistrado nunha rolda de prensa. Na súa intervención, Díaz López sinalou que o mes de xaneiro é "tradicionalmente malo". Con todo, fixo fincapé en que o incremento do paro intermensual en xaneiro foi "menos malo" que o rexistrado hai un ano. De feito, entre decembro e xaneiro de 2008 o número de parados aumentou en 11.413 persoas, fronte aos 8.789 deste exercicio, o que supón unha diferenza de 2.600 persoas.

Sobre esta diferenza con 2008, a representante autonómica, da Consellería de Traballo e Benestar, destacou que, a pesares de que "non son datos positivos", semella que se está a "frear" a destrución de emprego.

No que se refire aos datos desagregados, a directora xeral fixo fincapé en que o desemprego descendeu entre os homes e mulleres menores de 25 anos en 553 persoas (345 no caso das mulleres, e 208 no caso dos homes). Pola contra, o maior aumento, tendo en conta o sexo e a idade, rexistrouse nas mulleres maiores de 25 anos (5.008 parados máis), seguidas dos homes desta mesma franxa de idade (4.334).

Por sexos en xeral (incluíndo todas as franxas de idade), no caso das mulleres o aumento foi de 4.663, e nos homes de 4.126.

No que se refire aos sectores, o paro aumentou en todos eles. O incremento máis significativo foi no sector servizos, con 6.446 parados máis (5,3 por cento). De feito, este sector representa o 73 por cento do aumento do paro neste mes, explicou Díaz López, cando tradicionalmente supón en torno ao 60 por cento. "Este aumento é debido, por unha banda, ao remate da campaña de Nadal e, por outra, ao remate de substitucións de servizos. É, polo tanto, unha redución de emprego estacional produto da temporalidade dos contratos", apuntou a directora xeral.

No resto dos sectores, o seguinte maior incremento –en termos absolutos– rexistrouse na construción (1.381 persoas máis, 3,82 por cento) e na industria (622 persoas, 1,78%), seguidos polo colectivo sen emprego anterior (179, 0,76%) e pola agricultura e a pesca (161 persoas, 2,54 por cento).

Por provincias, a directora xeral de Formación e Colocación apuntou que o número de desempregados aumentou nos catro territorios, producíndose o maior incremento en Pontevedra con 3.390 parados máis.

A terceira comunidade con menos aumento Díaz López resaltou que Galicia é, en termos interanuais, a terceira comunidade (só por detrás de Extremadura e Asturias) onde menos aumentou o

número de parados, xa que se rexistraron 30.312 persoas máis en situación de desemprego, o que supón un 15,06 por cento fronte ao 21,66 por cento do Estado.


De feito, este diferencial positivo tamén se ten reflectido, segundo lembrou a directora xeral, na Enquisa de Poboación Activa (EPA), publicada a pasada semana, onde Galicia conta cunha diferenza positiva de preto de 6 puntos con respecto á media estatal.

No que se refire aos datos estatais, no mes de xaneiro os parados aumentaron en 124.890 persoas, o que supón unha variación de 3,18 por cento, o que sitúa a cifra de parados en España en 4.048.493 persoas.

Por outra banda, a representante autonómica fixo referencia tamén á evolución dos contratos rexistrados, sobre o que destacou que o 10,84 por cento das novas contratacións en Galicia foron de carácter indefinido, fronte ao 9,01 por cento que se rexistrou na media estatal. En total, na comunidade galega rexistráronse en xaneiro un total de 49.015 contratos.

Logo de detallar todos os datos, a directora xeral explicou que o desemprego é, e continuará sendo, "un dos eixos clave" do diálogo social, no que os axentes económicos e sociais están a desenvolver un "extraordinario traballo con gran disposición".

Evolución do paro:



6,3 millóns de euros a ampliar a rede de axentes de emprego e desenvolvemento local

- Coa incorporación de preto de 290 novos profesionais, a rede chega ata os 600 técnicos
- A súa misión é crear iniciativas emprendedoras e potenciar o autoemprego e as empresas de economía social.

Santiago, 6 de xaneiro de 2010.- Os concellos galegos veñen de recibir da Consellería de Traballo e Benestar en torno a 6,3 millóns de euros para financiar a contratación de 288 Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) nas distintas comarcas da xeografía galega.

Os axentes de emprego constitúen un instrumento para promover a implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no contorno local e rural, configurándose deste xeito como verdadeiros impulsores do desenvolvemento local nos seus territorios, especialmente nas zonas rurais.

Con esta iniciativa, que se inscribe na vontade da Xunta de Galicia de propiciar a colaboración permanente cos concellos, universidades e entidades sen ánimo de lucro no fomento das políticas activas de emprego, a Consellería de Traballo e Benestar dá un paso máis no impulso da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia que conta xa con preto de 600 técnicos.

A misión destes profesionais é a de dinamizar o desenvolvemento económico e o emprego nos seus territorios promovendo a creación e consolidación de iniciativas emprendedoras, potenciando o autoemprego e as empresas de economía social, así como inserción laboral dos desempregados da nosa Comunidade Autónoma.

Este técnicos configúranse como o punto de referencia en materia de emprego para todas as persoas que habitan no territorio onde eles actúan. Como coñecedores das necesidades e potencialidades da zona concreta na que traballan, teñen entre as súas tarefas a estimulación da actividade empresarial, animando aos emprendedores e asesorando e informando sobre a viabilidade de técnica, económica e financeira dos proxectos empresariais.

A Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, como infraestrutura especializada na promoción do emprego, adquire precisamente o seu maior potencial, grazas á súa distribución por todo o territorio da Comunidade Autónoma. Sen embargo, esta vantaxe estratéxica precisa de canles de comunicación axeitadas que confiran fluidez ao intercambio de experiencias e de información interna, para converter en sinerxias colectivas o traballo individual realizado por cada técnico.

Nesta liña, a Consellería de Traballo e Benestar co obxecto de mellorar as vías de comunicación entre e cos membros da Rede, e, contando, coa colaboración do IGAPe e o BIC-Galicia, vén de poñer en marcha unha plataforma informática dirixida á toda a Rede, que sirva como ferramenta de traballo e vehículo de comunicación de experiencias e boas prácticas de busca de novos xacementos de emprego e de reactivación das economías locais.

O Plan Estratéxico de Xuventude de 2010-2013 terá como obxectivos prioritarios crear máis oportunidades para a mocidade na educación e no emprego

Santiago, 18 de xaneiro de 2010.- A Comisión Interdepartamental de Xuventude, que se convocou por primeira vez en catro anos, abordou os obxectivos e a metodoloxía de traballo que se seguirá para a redacción do Plan Estratéxico de Xuventude 2010-2013. Neste intre, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, quen presidiu a reunión, destacou que esta iniciativa terá como obxectivos prioritarios a creación de máis oportunidades para a mocidade na educación e no emprego.

Outros obxectivos principais do plan son a potenciación da solidariedade mutua entre a sociedade no seu conxunto e a xuventude como parte dela e a mellora do acceso da mocidade á sociedade adulta como suxeitos activos e participativos.

"A mocidade galega precisa de oportunidades para asumir responsabilidades porque tarde ou cedo terán que facelo e levarán as rendas da

sociedade. Por iso é importante capitalos na toma de decisións desde xa mesmo", sinalou Mato.

A titular de Traballo e Benestar destacou, así mesmo, que o deseño do programa partirá do principio do método aberto de coordinación, é dicir, da elaboración conxunta de políticas transversais de apoio á mocidade con achegas de todos os departamentos do Goberno.

"Isto permitiranos a flexibilidade á hora de tomar decisións no deseño de novas accións necesarias para a mellora das condicións de vida da mocidade", apuntou a conselleira.

Para acadar este obxectivo, os campos de actuación no punto de partida serán a educación, o emprego, a creatividade e o espírito empresarial, a vivenda, a saúde e o deporte, a información e a formación, a participación e o asociacionismo xuvenil, o voluntariado e a mobilidade da mocidade no mundo.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a comisión interdepartamental de Xuventude



Galicia rexistrou en decembro preto de 700 accidentes laborais menos que no mesmo mes de 2008

Santiago, 26 de xaneiro de 2010.- Galicia rexistrou, no pasado mes de decembro de 2009, un total de 2.587 accidentes laborais, o que supón un descenso do 20,8 por cento con respecto aos datos do mesmo mes de 2008. En termos absolutos, isto tradúcese en que houbo 678 accidentes laborais menos.

Esta diminución reflectiuse en todas as provincias galegas, especialmente en Pontevedra, onde a baixada foi do 33,8 por cento (481 accidentes menos). A continuación, sitúase Lugo, cun 12,7 por cento (42 accidentes menos), seguida de Ourense (11,1 % e unha baixada de 30 accidentes) e, finalmente, Coruña, cun descenso do 10,06 por cento (125 accidentes menos).

No que respecta á gravidade dos accidentes, en decembro de 2009 rexistráronse 4 sinistros de carácter mortal, fronte aos 6 que se detectaron no mesmo mes de 2008. En concreto, dous destes accidentes foron no sector da pesca e outros dous no sector servizos.

Se se ten en conta o número de traballadores afiliados, a orde das provincias, segundo o índice de incidencia (de menor a maior sinistralidade) sería o seguinte: Lugo, Ourense, A Coruña e Pontevedra. Así, Lugo é a provincia con menor índice de incidencia. Para esta valoración contabilízanse os afiliados nos cinco sectores habituais que teñen a continxencia de accidente laboral cuberta.

Por sectores, e facendo tamén a comparación co mesmo mes do ano anterior, o que experimentou a maior baixada do número de accidentes en xornada laboral foi o da construción, xa que experimentou un descenso de 261 accidentes laborais (33,68 por cento menos), seguido da industria, cunha diminución de 252 accidentes (23,84%).

Estas comparacións deben orientar de xeito cualitativo, por mor da diferenza que supón o emprego de diferente Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) nos anos 2008 (CNAE 93) e 2009 (CNAE 2009), o que non nos permite facer unha comparación cuantitativa, ao diferir o encadramento das empresas nos sectores de actividade.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de decembro por provincias.

	2008			2009			%Var. Índice de incidencia
	Poboación afiliada	AT	Índice de incidencia	Poboación afiliada	AT	Índice de incidencia	
A Coruña	355.799	1.242	349,07	347.235	1.117	321,68	-7,85
Lugo	101.229	330	325,99	98.687	288	291,83	-10,48
Ourense	83.736	270	322,44	81.077	240	296,01	-8,20
Pontevedra	299.282	1.423	475,47	292.290	942	322,28	-32,22
Totais...	840.046	3.265	368,14	819.289	2.587	315,76	-14,23

Traballo publica unha colección de seis guías para fomentar a implantación da responsabilidade social nas empresas

Santiago, 5 de xaneiro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de publicar unha colección de guías relativas á Responsabilidade Social Empresarial (RSE) co obxectivo de achegar ao público en xeral e ás empresas en particular a importancia desta estratexia de actuación, así como de facilitar a implantación destas medidas nas empresas.

A colección, que se pode conseguir no Servizo de Publicacións da Consellería de Traballo e Benestar, inclúe seis publicacións: Responsabilidade Social Empresarial; RSE e respecto ao ambiente; RSE e a formación continua; RSE e integración social; RSE e igualdade de oportunidades e RSE e organización do traballo.

O departamento autonómico lembrou que nos últimos meses puxo en marcha diversas actuacións relacionadas coa RSE, xa que cada vez máis a sociedade esíxelle ás institucións e ás empresas un maior compromiso social.



Traballo e Benestar duplicará o servizo de localizadores 'Acompáñote' no ano 2010

Santiago, 4 de xaneiro de 2010.- Máis de cen maiores, menores ou persoas con discapacidade utilizan na actualidade o servizo 'Acompáñote', un programa de localización e control voluntario de persoas en situación de especial vulnerabilidade. O próximo ano, a Xunta de Galicia duplicará o servizo e, así, se prevé que os usuarios cheguen ata os 200.

A iniciativa, que financia a Consellería de Traballo e Benestar e estio- na Cruz Vermella, consiste en pór a

disposición dos coidadores familiares de persoas dependentes ou fráxiles que residen nos seus propios domici- lios un pequeno equipo que integra un teléfono móbil con tecnoloxía GSM e un módulo de localización xeográfica vía satélite (GPS) cun centro de control dende o que é posible recuperar a posición exacta de calquera dos equipos. Desta maneira, este dispositivo permite aos coidadores da persoa coñecer en todo momento onde se atopa o seu familiar.

Benestar asina un convenio de colaboración con Cruz Vermella para acadar a incorporación social das persoas sen teito

- ▶ A Xunta financiará con 357.000 euros o programa de acompañamento e apoio a este colectivo

O Plan de acción do ISSGA para 2010 incidirá en Pemes, autónomos e sectores como a pesca e a construción

- ▶ A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Adela Quinzá-Torreira presentou hoxe o programa de actuacións deste organismo
- ▶ O plan para este ano inclúe a creación do Observatorio Galego de Condicións de Traballo para dispoñer de infor- mación de calidade que apoie a toma de decisións



NORMATIVA DOG

- ▶ Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modifica- ción do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia. (DOG nº 2, do 5.01.2010).
- ▶ Orde do 29 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a con- cesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil, e se procede á súa convo- catoria para o ano 2010. (DOG nº 3, do 7.01.2010).
- ▶ Corrección de erros.-Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións forma- tivas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exer- cicio de 2010. (DOG nº 3, do 7.01.2010).
- ▶ Resolución do 17 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formati- vas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 4, do 8.01.2010).
